

KRZYŻANOWSKA, Anna; GROSSMANN, Francis e KWAPISZOSADNIK, Katarzyna (2021): *Les formules expressives de la conversation. Analyse contrastive: français-polonais-italien*. Lublin: Wydawnictwo Episteme. ISBN 978-83-65172-33-4; 575 páxs¹.



Les formules expressives de la conversation. Analyse contrastive: français-polonais-italien é unha obra robusta e abrangente, escrita en lingua francesa e publicada pola editorial Wydawnictwo Episteme, con sede en Lublin, no ano 2021. Trátase dun libro estruturado en cinco capítulos e o primeiro deles, «*Présentation*», céntrase en describir a súa orixe mais a súa proposta. Xa logo a continuación, o capítulo dous, «*Analyser les formules pragmatiques de la conversation: problèmes de méthodes*», presenta a base teórica atendida, a metodoloxía adoptada e as dificultades afrontadas durante a investigación. O terceiro capítulo consiste nunha listaxe de abreviaturas á cal lle segue, no capítulo cuarto, unha análise minuciosa de 50 frasemas do francés, catalogados e descritos

en detalle xunto cos seus equivalentes no polaco e no italiano. O quinto e derradeiro capítulo ofrece unha bibliografía xeral das obras consultadas á hora de elaborar a investigación.

Cun total de 575 páxinas, este libro destaca pola súa profundidade na análise lingüística e no tratamento contrastivo. Ademais, os frasemas analizados, tales como *ça alors!*, *c'est le pied* e *n'importe quoi*, resultan esenciais para comprender os matices pragmáticos nas interaccións conversacionais. Noutras palabras, a obra que nos ocupa conforma unha contribución significativa para estudosas e estudosos, discentes e profesionais con interese nos estudos contrastivos, traditolóxicos e fraseolóxicos porque brinda unha comprensión fonda dos frasemas das linguas francesa, polaca e italiana. O obxectivo principal do libro é, daquela, achegar unha descrición exhaustiva, especialmente desde unha perspectiva semántico-pragmática, das fórmulas conversacionais comúns do francés, para alén dos equivalentes destas no polaco e no italiano. A consecuente análise non só destaca os valores pragmáticos, senón tamén diversos factores sociolingüísticos e culturais que determinan as modalidades de uso desas estruturas.

Canto á metodoloxía empregada, permitiu a descrición e a comparación das fórmulas nas tres linguas, así como o establecemento de equivalentes funcionais, á parte da codificación lexicográfica. Deste modo, compróbase que as fórmulas pertencen de xeito predominante á categoría de actos de fala expresivos —segundo o concepto de Austin (1962) e de Searle (1969, 1982)— e que se utilizan tanto para expresar certos estados psicolóxicos —sorpresa, indignación, alegría, entusiasmo...— como para realizar actos de interacción —retruques, acordos, ameazas, desculpas, consolacións...—. En síntese, o libro propónse ser teórico, describindo os tipos de frasemas analizados, ao igual que práctico, constituíndo unha valiosa ferramenta para profesorado de linguas estranxeiras e para profesionais da tradución.

¹ Tradución ao galego de Andrea Ucha Bouzada.

No que concirne ao tratamento interdisciplinar da obra, que involucra os eidos da semántica, da pragmática, da lexicografía contrastiva, da tradutoloxía e da didáctica de linguas estranxeiras, este confírelle un grande interese epistemolóxico. Como engadidura, contribuíu ao traballo persoal investigador de varias universidades localizadas en Francia, Polonia e Italia, e a revisión final correu a cargo do coordinador e das coordinadoras F. Grossmann (para a parte francesa), A. Krzyżanowska (para a parte polaca) e K. Kwapisz-Osadnik (para a parte italiana) respectivamente.

Volvendo ao segundo capítulo, este está subdividido en dúas seccións. A sección I, titulada «*La dimension pragmatique des formules expressives*», pon énfase nas cuestións metodolóxicas implicadas na análise das fórmulas expresivas.

A pragmática, de acordo con Kerbrat-Orecchioni (2001), xorde da necesidade de analizar a linguaxe desde o punto de vista das e dos seus usuarios, quen, nunha situación específica e cun obxectivo determinado, producen e emiten os seus enunciados. Malia que se considere a Austin (1962) o fundador da pragmática, as súas ideas teñen raíz nas investigacións sobre a comunicación, e sobre as funcións da linguaxe en particular, como son as conducidas por Bühler (1934) e Jakobson (1967). Alén diso, o termo *pragmática* propúxoo Morris en 1937, antes mesmo da consolidación da materia como un campo lingüístico, a fin de estudar os comportamentos, os hábitos lingüísticos e a interpretación de sinais.

A noción de acto de fala presentada por Searle (1969, 1982) complementa a proposta de Austin e contribúe a unha teoría máis precisa arredor dos actos de fala. No contexto dos estudos lexicais, as investigacións realizadas, predominantemente lexicolóxicas, incorporaron unha forte dimensión pragmática; por exemplo, a análise da expresión francesa *ça suffit* revela non só o seu significado léxico-semántico, senón tamén a súa función cominatoria, indicando a exasperación da persoa locutora.

O aspecto metodolóxico do libro concéntrase na identificación do actos de fala vinculados ás fórmulas en contextos situacionais específicos. Estas fórmulas considéranse pragmáticas por mobilizaren actos de fala durante interaccións conversacionais cotiás, pero tamén se corresponden con obxectos lingüísticos analizables tanto en termos léxico-semánticos como sintácticos. O enfoque multidimensional xustifícase coa elaboración de fichas descritivas que compoñen o libro, proporcionando unha análise abrangente deses elementos lingüísticos

A sección II, titulada «*Analyser les formules pragmatiques de la conversation : problèmes de méthodes dans une perspective pragma-sémantique et contrastive*», amosa unha estrutura coidadosamente delineada e toca temas fundamentais relacionados co estudo das fórmulas pragmáticas na linguaxe. A subsección 1, que se inicia cunha sólida base teórica, explora a noción de fórmula, a expresividade, o acto de fala mais as escollas terminolóxicas feitas polo e polas autoras, fornecendo un fundamento conceptual ben firme para a análise subsecuente. A seguir, a subsección 2, dedicada á metodoloxía, detalla os córpora utilizados, xunto cos criterios de selección das fórmulas, e propón unha microestrutura para a investigación.

A sección avanza coa exposición dalgúns problemas e dificultades na comprensión e na análise das fórmulas, tratando aspectos como a variación diastrática, a variación diatópica, a prosodia, a polisemia, a multifuncionalidade, a orde das funcións pragmáticas ou os status discursivo e anunciativo, ademais da cuestión da fixación e da autonomía sintáctica das fórmulas. Subseccións específicas, como aquelas acerca da orde das funcións pragmáticas e da fixación e da autonomía sintáctica, ofrecen unha análise máis pormenorizada deses motivos. Finalmente, a dita sección conclúe cunha perspectiva contrastiva e tradutolóxica en que se debuxan obxectivos claros para a aplicación práctica dos resultados obtidos na investigación. Tal sólida estrutura contribúe de maneira significativa á boa comprensión das fórmulas pragmáticas no contexto lingüístico estudado.

A sección en cuestión ten como propósito principal dar unha descrición teórica de base semántico-pragmática das fórmulas conversacionais, centrada nas linguas francesa, polaca e italiana. O interese disto reside non só na análise dos seus valores pragmáticos, senón tamén na consideración de diversos factores sociolingüísticos e culturais que inflúen nas modalidades de uso desas estruturas. Alén de enfatizar que o proxecto transcende fronteiras disciplinares, polo que incumbe á semántica, á pragmática, á lexicografía contrastiva, á tradutoloxía e á didáctica de linguas estranxeiras, a autía explica tamén que a escolla do termo *fórmula* no canto de *pragmatema* para denominar o fenómeno lingüístico en análise xustifícase coa flexibilidade do primeiro, dado que as expresións analizadas non se encadran de xeito estrito na definición de pragmatemas. Algunhas das fórmulas pódense usar en contextos relativamente diversos, como é o caso de *bom courage*, que ten a posibilidade de empregarse en múltiples situacións, aínda que a clase de contextos máis frecuentes poida ser indentificable.

Faise importante resaltar que as fórmulas abordadas non posúen un status semántico e pragmático homoxéneo, pois engloban tanto rutinas conversacionais asociadas a situacións específicas como aquelas con funcións de comunicación máis amplas. A variabilidade pragmática inclúe expresións con valores distintos dependendo do contexto e aglutina desde acordos e retruques ata ironías. A análise céntrase nunha subcategoría específica de fórmulas conversacionais: as fórmulas expresivas. Estas contan cunha dimensión ilocutiva na comunicación, no senso de que procuran marcar a actitude da persoa locutora en relación co seu enunciado e co acto de enunciación *per se*. Ese tratamento restrinxido permite unha descrición de maior precisión e fondura dos matices contidos nas fórmulas expresivas, favorecendo así un entendemento máis refinado das interaccións lingüísticas nas linguas observadas.

O texto prosegue contemplando a noción de polisemia das fórmulas e a súa relevancia en diversas abordaxes lingüísticas. O termo *fórmula*, conforme os dicionarios *Le Grand Robert de la langue française* e *Le Grand Larousse de la langue française*, pódese referir a expresións ritualizadas, consagradas pola boa educación e polos costumes sociais, fórmulas de cortesía inclusive. A definición prototípica caracteriza as fórmulas como secuencias verbais específicas, adoptadas social e lingüisticamente e moitas veces estereotipadas.

Dentro do contexto da análise do discurso, a noción de fórmula concéntrase na fixeza das secuencias, variando desde unidades lexicais simples ata unidades lexicais complexas. Posto que funciona como «referente social», a fórmula en cuestión debe ser amplamente coñecida e aludir a unha realidade común para todas e todos os participantes no acto de comunicación, a pesar de que moitas veces presente un carácter controvertido, xa que moitas fórmulas posúen unha dimensión polémica, conforme o apuntado por Cowie (2001), quen usa o termo *speech formulae* para se referir a unha subclase de fraseas que traducen a actitude da persoa locutora na conversa e facilitan as interaccións. Iso ocorre porque, aínda que as fórmulas en análise son todas restrinxidas a nivel pragmático, varían, dependendo do caso, entre composiciónais e opacas desde o punto de vista semántico. O autor mais as autoras explican que, por tal razón, fíxose necesaria unha categoría capaz de comprender as estruturas que posúen o valor de enunciados e que manifestasen varios graos de fixeza ben sintáctica, ben semántica, xustificando o «f» do termo *fórmula* para tratar o fenómeno lingüístico que se analiza no libro.

As fórmulas expresivas, obxecto de análise máis específico na obra, mostran características como a da fixeza ou semifixeza sintáctica, a do sentido estabilizado pola restrición pragmática, a do emprego pragmaticamente restrinxido e a da función pragmática asociada a contextos específicos de enunciación. Esa análise, inserida nunha perspectiva comparativa, destaca a importancia da dimensión interaccional e avaliativa nas fórmulas.

A autoría do libro continúa a sección explorando a noción de expresividade e destacando tres formas principais dela (ou modos de expresividade), as cales foron postuladas por Legallois & François (2012). A expresividade conceptualízase como unha categoría xeral que transcende a dimensión afectiva e marca a actitude do suxeito falante en todos os aspectos da linguaxe. As tres formas identificadas son:

- (a) Expresividade patética (ou modo afectivo): exerce a función emotiva, incorporando diferentes procedementos sintácticos, prosódicos e lexicais. Pode ser egocéntrica (ao expresar unha emoción do propio individuo locutor) ou alocéntrica (ao expresar unha emoción en relación a outros individuos).
- (b) Expresividade mimética: utiliza a forza expresiva en prol da representación referencial (mimese), coma en certas onomatopeas ou expresións no discurso directo. A expresividade mimética pode crear un «efecto de presenza», moitas veces evidenciado por metáforas ou por exclamacións, desempeñando funcións tanto patéticas como miméticas.
- (c) Expresividade ética: implica a construción dunha imaxe do eu, buscando influenciar o individuo interlocutor ou afirmar a identidade individual ou social daquel locutor. Entre os seus exemplos inclúense expresións de lingua francesa tales como «*histoire de + inf.*», que permite unha presentación con certo afastamento familiar.

Á parte desas formas, está a dimensión social da expresividade, manifestada por verbos, tamén do francés, como *s'excuser*, *encourager*, *rassurer* ou *minimiser*, que requiren directamente dos mecanismos de interacción afectiva entre as persoas locutoras.

Outrosí, Krzyżanowska, Grossmann e Kwapisz-osadnik subliñan que, na práctica, pode haber superposición desas formas de expresividade; por exemplo, a expresión *ça craint* posúe unha predominancia de valor avaliativo (negativo), pois a dimensión patética dáse en certos usos dela, indicando repulsa ou noxo. No entanto, tamén xorde na estrutura da fórmula a expresividade mimética, combinando diferentes procedementos lingüísticos para transmitir unha apreciación forte. Así mesmo, a dimensión ética resulta evidente na presentación do individuo locutor como emisor de xuízos categóricos, distanciándose do que se amosa como negativo.

Un outro exemplo achegado pola autoría é a fórmula *j'y crois pas*, ligada de xeito máis directo á expresividade patética, ao transmitir, nos máis dos casos, sorpresa, incredulidade, rabia ou indignación. A forza expresiva da fórmula reside na ironía, creada por medio do concepto de «*feintise*» (Berrendonner 1982, 2002), que xoga coa dobre enunciación: o suxeito locutor reacciona coma se expresase incredulidade perante unha descuberta ou información, suxerindo que a situación se considera literalmente inconcebible e botando man tanto da dimensión mimética, nos termos de Legallois e de François (2012), como da dimensión ética, encarnada, á súa vez, na dimensión avaliativa: a fórmula permite establecer unha complicidade co dito suxeito interlocutor ou, pola contra, un distanciamento.

A partir de exemplos de fórmulas do francés mais do polaco, o autor e autoras da publicación abordan a noción de acto de fala no contexto das fórmulas expresivas, polarizándose na análise das condicións de felicidade deses actos. Con base nos conceptos de Austin e de Searle, sinalan tamén a importancia de comprender as condicións específicas para a realización exitosa de determinados actos de fala, como son os saúdos. Alén diso, o texto reflexiona verbo das funcións ilocutivas expresivas, resaltando a dimensión social da expresividade. A abordaxe lexicográfica e a necesidade de lidar coa polisemia preséntanse como desafíos metodolóxicos na análise das citadas fórmulas expresivas en diferentes linguas.

Asemade, ao estudar a noción de acto de fala, a autoría expón as complexidades terminolóxicas en causa, especialmente as que teñen que ver coas escollas feitas para categorizar as funcións pragmáticas asociadas ás fórmulas expresivas. Debido á natureza do proxecto lexicográfico, as autoras e o autor recoñecen a necesidade de simplificacións na microestrutura das fichas. Ademais, ao exploraren as evolucións terminolóxicas no tratamento das funcións da linguaxe, desde as investigacións iniciais de Austin ata as constibucións de Searle, de Jakobson etc, retratan as diferentes terminoloxías adoptadas, como a forza ilocutiva, os diferentes niveis de rexistro lingüístico e os valores expresivos complementarios. No ámbito das fichas, entre as funcións pragmáticas relativas ás fórmulas inclúense a función expresiva, a función directiva, a función reactiva e a

función patética, con cadansúa xerarquía específica e coa posibilidade de combinacións entre elas. Porén, o texto focalízase na expresiva e subclasifícaa en expresiva emotiva, expresiva apreciativa e interaccións sociais, tendo en consideración a complexidade das dimensións envoltas.

Por outro lado, ao detallar os procedementos metodolóxicos que se manexaron na construción do estudo, a autoría describe os diversos cörpera explorados coa finalidade de verificar a súa relevancia no proxecto. Entre eles está ORFEO, un corpus orientado cara ao estudo do francés contemporáneo; Lexicoscope, que explora a combinación do léxico en textos literarios contemporáneos; Spokes, un corpus oral de interaccións reais; o Narodowy Korpus Języka Polskiego - NKJP (Corpus Nacional da Lingua Polaca); PAISÀ, para a lingua italiana, e cörpera de italiano radiofónico e televisivo. Igualmente, o traballo recolle exploracións en redes sociais como Twitter ou Facebook e en foros internéticos, para identificar fraseoloxismos pragmáticos con forte valor expresivo. A utilización de cörpera bilingües menciónase con relación aos equivalentes en polaco e mais en italiano da tradución do francés.

Canto aos criterios de selección das fórmulas analizadas, observáronse a frecuencia das ocorrencias nos cörpera usados, o grao de fixeza, a presenza de expresividade con dimensión patética, a polilexicalidade e o rexistro lingüístico (familiar, corrente ou moi familiar), para alén de consideracións sobre prosodia, polisemia/multifuncionalidade e valores ilocutivos. Tales criterios, por certo, aplicáronselles aos cörpera do francés, do polaco e do italiano e a selección baseouse nun número mínimo de 12 ocorrencias por fórmula.

No tocante á microestrutura proposta para a análise das fórmulas seleccionadas, pretende ocuparse das características pragmáticas, cognitivas e diastráticas das expresións en exame. A énfase confíreselles aos exemplos contextuais provenientes dos cörpera e a súa detallada descrición contén campos para variantes, vocábulos asociados, exemplos representativos e observacións adicionais. Este proceder favorece unha comprensión abrangente e accesible das fórmulas e facilita a súa consulta por parte dun público amplo.

O texto lista aínda varios desafíos e cuestións atanguentes á análise de fórmulas expresivas en distintas linguas. Entre os desafíos salientados, sópésanse as variacións diastráticas e diatópicas, así como a prosodia; a rápida diseminación das fórmulas pode levar á súa banalización e á dificultade de asocialas a un grupo etáreo concreto. Na obra tamén se comenta, a propósito, que a prosodia exclamativa non sempre resulta obrigatoria. Sobre o asunto da multifuncionalidade, sublíñase que, malia cambiar pouco o significado intrínseco das fórmulas, o seu uso en diferentes contextos pode ser variado. Á parte diso, a descrición lexicográfica afronta o reto de lidar coa autonomía sintáctica das fórmulas, que poden diferir canto á súa capacidade de inserción e de expansión (sintáctica). Todos estes desafíos abórdanse con exemplos específicos nas tres linguas: francés, polaco e italiano.

Xa na sección II, a investigación ocúpase da perspectiva contrastiva e tradutolóxica, coa intención de destacar semellanzas e diverxencias na estrutura sintáctica e no uso de expresións conversacionais en francés, polaco e italiano. Aquí vaise máis alá dun simple cotexo entre os tres idiomas e procúranse equivalencias con base na identificación de paradigmas de comparanza que teñan en conta a carga comunicativa, englobando todo o que se considera relevante a nivel de tradución e o que debe reaparecer na lingua albo, e de forma que queden reveladas as condicións de escollo das fórmulas equivalentes noutras linguas. Para iso, entran en xogo parámetros formais, semánticos, pragmáticos, discursivos, afectivos e socioculturais. Reparando no exposto, o estudo pon de manifesto a complexidade da tradución de expresións idiomáticas, no sentido de que chama a atención para a necesidade de contemplar aspectos lingüísticos e culturais na busca de equivalencias satisfactorias entre linguas distintas.

En vías de concluíren, a autoría salienta que a obra versa sobre un campo pouco explorado dentro dos estudos fraseolóxicos, ao tempo que se enfoca nos diversos valores pragmáticos das fórmulas conversacionais. Así, recalca a importancia da descrición sistemática desas expresións para o desenvolvemento das habilidades comunicativas das e dos aprendices, particularmente nunha abordaxe multilingüe no ensino. Ademais, resalta a utilidade do tratamento contrastivo nas investigacións en tradutoloxía, en fraseoloxía e en lexicografía multilingüe, mentres que concibe a tradución como un acto de comunicación e a equivalencia, como un concepto que remite á diversidade interpretativa entre as linguas comparadas. Finaliza informando de que os resultados deixan patentes unha serie de diverxencias idiosincráticas e idiomáticas entre os tres idiomas estudados, tanto na esfera da estruturación sintáctica dos enunciados como na semántica.

O resto do libro destínase a recursos complementarios esenciais para a comprensión profunda do tema tratado. Nun inicio, o lector ou lectora encontrará, no terceiro capítulo, unha extensa listaxe de abreviacións empregadas na obra, distribuídas en cinco categorías: rexistros lingüísticos, metalinguaxe gramatical, dicionarios franceses, dicionarios polacos e dicionarios italianos. Logo, no capítulo cuarto, preséntanse, por orde alfabética, as fórmulas analizadas, proporcionándolle así unha organización sistemática ao público lector. Pola súa banda, o capítulo final dedícaselle á bibliografía xeral, desglosada, con tino, por idiomas, como son o francés, o español, o inglés, o polaco e o italiano, e a cal inclúe libros, artigos, dicionarios de uso e páxinas web. Alén diso, na contraportada, ofrécese unha breve biografía das e do organizador do libro, as profesoras Anna Krzyżanowska e Katarzyna Kwapisz-Osadnik mais o profesor Francis Grossmann. Estes elementos engadidos fortalecen a relevancia e a utilidade da obra para investigadores e investigadoras, estudantado e profesionais que se interesen na área dos estudos contrastivos, tradutolóxicos, lexicográficos e, evidentemente, fraseolóxicos.

Angelo de Souza Sampaio
Universidade Federal da Bahia (Brasil)
ORCID: 0000-0003-2262-3041
angelosampaio84@gmail.com